

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE ARTEIXO
CURSO: 1º-2º-3º-4º-5º-6º DE PRIMARIA
ÁREA: EDUCACIÓN FÍSICA
DATA: MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 17	CENTRO: CEIP DE ARTEIXO CURSO: 1º-2º-3º-4º-5º-6º ÁREA: EDUCACIÓN FÍSICA
--	-------------------	---

1º de Primaria. Educación Física.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC.	EFB1.2.1 Utiliza os diferentes medios dixitais para levar a cabo as diferentes actividades propostas
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes corpo propias. EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable. EFB2.2.3. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio. EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias. EFB3.1.3. Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	EFB5.1.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.
B6.2 Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados. EFB6.2.2. Recoñece xogos tradicionais de Galicia. EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras

básicas.

2º de Primaria. Educación física

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a. EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable. EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico. EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuindo os tempos de resposta.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as	EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.

habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial. EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados. EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. EFB3.1.5. Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración
B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.
B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.

3º de Primaria. Educación Física	
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. EFB1.3.2. Coñece e respecta a normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. EFB1.3.3. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.

	<p>EFB1.3.4. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</p> <p>EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</p>
B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	<p>EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración.</p> <p>EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado.</p> <p>EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.</p> <p>EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento.</p> <p>EFB2.2.5. Reacciona ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas no tempo e no espazo.</p>
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	<p>EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</p> <p>EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</p> <p>EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes.</p> <p>EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</p> <p>EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</p>
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	<p>EFB5.1.1. Mellora das capacidades físicas.</p> <p>EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.</p> <p>EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados.</p>

	EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.
B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física. EFB5.2.3. Percibe diferentes niveis de intensidade e esforzo na estrutura da clase de Educación física.
B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física	EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, realizando un quecemento guiado.
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.
B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	EFB6.3.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nos xogos e actividades deportivas. EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.

4º de Primaria. Educación Física.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Opinar, tanto desde a perspectiva de participante como de	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito

espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	razoable. EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva. EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.
B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB 1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. EFB 1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento, con e sen manipulación de distintos móbiles. EFB2.2.5. Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no espazo.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artísticoexpresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros

	<p>espazo-temporais.</p> <p>EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de actividades físico-deportivas utilizando os segmentos dominantes.</p> <p>EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies</p>
B.4.1 Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	<p>EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas e sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos.</p> <p>EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente.</p>
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	<p>EFB5.1.1. Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.</p> <p>EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para saúde.</p>
B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.	EFB5.3.1. Ten claro as principais medidas de seguridade para levar a cabo actividades físicas tanto no centro coma fora del, establecendo as pautas de hixiene e distanciamento social.
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.	<p>EFB6.1.1. Consolida o uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.</p> <p>EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.</p>
B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físicodeportivas.	<p>EFB6.3.1. Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nos xogos e nas actividades deportivas.</p> <p>EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.</p>

5º de Primaria. Educación Física	
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. EFB1.1.4. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos. EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz. EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.

<p>B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>EFB3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de actividades físico-deportivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.</p> <p>EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de actividades físico-deportivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.</p> <p>EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.</p> <p>EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</p>
<p>B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico e a hixiene sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.</p>	<p>EFB5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas.</p> <p>EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo.</p> <p>EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.</p>
<p>B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.</p>	<p>EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.</p> <p>EFB5.2.2. Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria, con distintas intensidades de esforzo.</p> <p>B5.2.3. Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.</p>
<p>B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades</p>	<p>EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.</p> <p>EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.</p>

<p>B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.</p>	<p>EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios. EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. EFB6.3.3. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.</p>
---	---

<p align="center">6º de Primaria. Educación Física</p>		
<p align="center">1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</p>		
<p align="center">Criterio de avaliación</p>	<p align="center">Estándar de aprendizaxe</p>	
<p>B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.</p>	<p>EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos. EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.</p>	
<p>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	<p>EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</p>	
<p>B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das</p>	<p>EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de</p>	
<p>ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020</p>	<p>PÁXINA 11 DE 17</p>	<p align="right">CENTRO: CEIP DE ARTEIXO CURSO: 1º-2º-3º-4º-5º-6º ÁREA: EDUCACIÓN FÍSICA</p>

demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.	competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de actividades físico-deportivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de actividades físico-deportivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de actividades físico-deportivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes. EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico e a hixiene sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.	EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas. EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo. EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.
B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo. EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.	EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices. EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.
B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os	EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis

introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	significativa nos exercicios. EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.
---	--

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Os procedementos de avaliación adecúanse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, dásele prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. O centro flexibiliza, en consecuencia, os criterios de avaliación previstos para cada curso, identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso educativo, o reforzo e a consolidación das aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso. Estes criterios de avaliación teñen un carácter diagnóstico e formativo, e permiten as adaptacións necesarias das programacións didácticas do seguinte curso 2020-2021, para incorporar aqueles obxectivos, contidos e aprendizaxes que, polas circunstancias especiais do terceiro trimestre, non fosen abordados.</p> <p>Instrumentos: Na actualidade, e por mor das circunstancias especiais nas que nos atopamos, os instrumentos de avaliación que empregaremos, de ser o caso, serán: a) Escalas de Valoración, Listas de Control e Rúbricas de rexistro de tarefas telemáticas. b) Seguimento das actividades nas diversas canles estipuladas a tal efecto. c) Outros que poidan establecerse segundo as propostas telemáticas establecidas.</p>
Cualificación final	A avaliación e cualificación do alumno adáptase as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continúa consignarase a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas, e atendendo á adecuación do mesmo, ao seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas e/ou entregadas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Desenvolveranse actividades de repaso, recuperación, reforzo das aprendizaxes e competencias adquiridas nos dous primeiros trimestres así como ampliación das aprendizaxes tomando como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que requiran unha mínima intervención docente para a súa adquisición.</p> <p>Propónse unha batería de xogos e actividades con diferentes niveis de dificultade para que o alumnado poda realizalas independentemente do seu nivel de habilidade e práctica adaptándose desta forma ás diferentes idades dos nenos e nenas.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía a desenvolver neste período será activa, innovadora, proporcionará ao alumnado o apoio necesario para facilitar o asentamento da súa aprendizaxe, a recuperación e reforzo das competencias e a asimilación de novas facetas que requiran un mínimo de intervención directa e que fomenten a autonomía e progresión paulatina das aprendizaxes do discente.</p> <p>As actividades colgaranse no blogue da área na páxina web do centro xa que todos os nenos e nenas teñen posibilidades para conectarse a internet, grazas a mediación do concello.</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais necesarios para a realización dos xogos, actividades e tarefas serán os habituais no ámbito escolar e os de uso cotiá nos propios domicilios dos nenos e nenas.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

Toda a información relativa á área de Educación Física será comunicada a través de:

- Páxina web do centro: (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiparteixo/>).
- Blog de Educación Física “Nos movemos en casa” (<https://nosmovemosencasa.blogspot.com/>).

Ademais, pódese facer calquera consulta por medio dos correos electrónico:

profekikearteixo@gmail.com (para alumnado de 1ºA, 1ºB, 4ºA e 4ºB).

danikavero@gmail.com (para alumnado de 1ºC, 2ºA, 2ºB, 2ºC, 3ºA, 3ºB e 3ºC).

diegodelaef@gmail.com (para alumnado de 4ºC, 5ºA, 5ºB, 5ºC, 6ºA, 6ºB e 6ºC).